



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

-Documento: **ADXUDICACIÓN POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA Nº 1002/2008 DE 16-10-08.**

-Contrato: **OBRAS/CONTRATACIÓN OBRA “PRIMERA ACTUACIÓN PROYECTO EMERGENTE DE EJECUCIÓN (CONSOLIDACIÓN, REFUERZO ESTRUCTURAL E IMPERMEABILIZACIÓN DE LA TORRE DEL AYUNTAMIENTO DE A ESTRADA, PONTEVEDRA)”.**

-Data de publicación deste documento no Perfil do Contratante: **21 DE OUTUBRO DE 2008.**

**Visto** o expediente administrativo que, nas últimas horas, esta Alcaldía-Presidencia ordeou formar para a contratación da obra de “Reforma, adaptación y mejora de la Casa Consistorial del Excmo. Ayuntamiento de la Estrada, Pontevedra”, concretamente, relativa á “Primera Actuación Proyecto Emergente de Ejecución (consolidación, refuerzo estructural e impermeabilización de la Torre del Ayuntamiento de A Estrada, Pontevedra)”.

**Visto** o Proxecto que, a tal efecto, a petición desta Alcaldía-Presidencia, elaborou o *Estudio de Arquitectura e Urbanismo A.T.Mc*, de data 08.10.08, asinado polos Arquitectos D. Oscar González Ferreiro, D. Daniel Torres Campos e D. Álvaro De Torres McCrory, por mor das medidas que, con carácter de emerxencia, cómpre adoptar por esta Administración Municipal para a consolidación, reforzo estrutural e impermeabilización da devandita torre, á vista do seu deficiente estado de conservación, especialmente no seu corpo superior de cúpula, linterna e cupulino, tras inspección/recoñecemento técnico recente do que as súas conclusións se reflicten na Memoria Xustificativa e Descritiva do Proxecto de referencia.

**Vista** a Providencia da Sra. Concelleira Delegada de Urbanismo de data 13.10.08 que xustifica a solución contractual proposta (tramitación abreviada, de emerxencia), dada a gravidade da situación que constitúe unha necesidade apremiante que demanda unha pronta execución resolutoria non conquerible sequera a traveso da tramitación abreviada de urxencia nesta contratación, dado que existe perigo obxectivo, contrastable e inminente de empeoramento se non se actúa con inmediatez no referido ás obras estritamente indispensables obxectiva (técnica) e temporalmente para previr/remediar os danos derivables da dita situación, circunstancias, todas elas, que xustifican a emerxencia na contratación do indispensable para aliviar/evitar danos previsibles/producidos, sendo estas obras as contempladas no Proxecto a aprobar, que se cualifican, por ende, como as indispensables/precisas de indemorable contratación de emerxencia, coas necesarias garantías e controis.

**Vista** a solicitude de autorización sectorial dirixida por este Concello á Consellería de Cultura e Deporte (Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra) o día 15.10.08, acompañando un exemplar do dito Proxecto, co gallo de seren recabada con carácter previo ao inicio das actuacións municipais de reacción perante a situación obxectiva e tecnicamente detectada.

**Visto** o encargo de dirección facultativa da Arquitecta Técnica Dna. Ana María Pazos Bernárdez visado en data 14.10.08.

**Visto** o informe técnico-urbanístico asinado polo Arquitecto Municipal o día 13.10.08, favorable relativo ao Proxecto sinalado, e acreditativo da ineludible situación de emerxencia correspondente ao estado de conservación da cúpula que se está a deteriorar a un ritmo moi rápido, constituíndo un inminente perigo que non descarta a posibilidade do seu derrube parcial ou total co conseguinte dano

para o patrimonio cultural e o potencial perigo para a integridade das persoas; circunstancias, que recomentan a inmediata, inaprazable e inexcusable actuación municipal á vista da gravidade do escrutado; confirmando así, como persoal funcionario municipal, o analizado polo *Estudio de Arquitectura e Urbanismo A. T. Mc.*

**Vista** a implícita supervisión do Proxecto contida expresamente no amentado informe do Arquitecto Municipal.

**Visto** o preceptivo Informe de Fiscalización Previa así como a Certificación da existencia de consignación adecuada e suficiente emitido/a polo Sr. Interventor de Fondos en funcións o día 14.10.08, a petición urxente desta Alcaldía-Presidencia.

**Vista** a Acta de replanteo previo asinada polo Arquitecto Municipal en data 15.10.08.

**Visto** o preceptivo Informe da Secretaría Xeral en funcións de data 15.10.08.

**Vistas** as ofertas solicitadas por esta Alcaldía-Presidencia ás empresas coas que puido contactar nas últimas horas, dispostas á execución das obras que con emerxencia cómpre acometer segundo o indicado Proxecto (Construcciones Agustín Chaira, S.L.: declina invitación; Javier Loureiro, S.L.: -87.500,00 € (IVE e demais gastos e impostos incluídos)-; Construcciones Martínez y Neira, S.L. - 87.300,00 € (IVE e demais gastos e impostos incluídos)-).

**Vista** a competencia desta Alcaldía-Presidencia delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución daquela do día 21.06.07.

**Visto** o art. 97 e concordantes da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co art. 14 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, **RESOLVO**:

**Primeiro.-** Avocar a competencia no seu día delegada na Xunta de Goberno Local.

**Segundo.-** Declarar a emerxencia do expediente e do procedemento de contratación para a realización da obra "Primera Actuación Proyecto Emergente de Ejecución (consolidación, refuerzo estructural e impermeabilización de la Torre del Ayuntamiento de A Estrada, Pontevedra)".

**Terceiro.-** Aprobar o expediente que co dito carácter se instruíu/formou nas últimas horas por orde desta Alcaldía-Presidencia, que se tramitará co dito carácter, excepcionalmente.

**Cuarto.-** Aprobar o Proxecto de referencia, cun orzamento de execución por contrata de 87.500,54 € (IVE incluído).

**Quinto.-** Designar á Arquitecta Técnica Dña. Ana María Pazos Bernárdez, Directora facultativa; sendo Coordinador/a en materia de seguridade e saúde a mesma profesional, que deberá de achegar o correspondente Encargo visado polo seu colexio profesional con carácter previo ao inicio das obras.

**Sexto.-** Aprobar o gasto por importe de 87.500,54 €, con cargo á partida de imputación orzamentaria 432.0.632.00.

**Sétimo.-** Requirir á Dirección facultativa nomeada para que, de forma inmediata, ordene/artelle as medidas técnicas cautelares que sexan precisas para evitar o derrube inmediato da parte da edificación a consolidar, de xeito que se neutralice calquera risco para a seguridade das persoas e bens, namentres non se recabe a autorización sectorial da Consellería citada, precisa para o comezo das obras.

**Oitavo.-** Adxudicar este contrato administrativo de obra tramitado de emerxencia á mercantil Construcciones Martínez y Neira, S.L., con CIF B-36120853 e enderezo no Polígono Industrial de Toedo - Parcela B5, Nave 1 -, polo prezo de 87.300,00 € (IVE e demais gastos e impostos incluídos) por seren a oferta economicamente máis vantaxosa para os intereses municipais entre as que esta Alcaldía-Presidencia puido consultar; que deberá executar as obras de acordo co Proxecto obxecto de aprobación, coa súa oferta e baixo a Dirección facultativa designada.

En todo caso, antes do comezo da execución do contrato , que se producirá coa acta de comprobación do replanteo tra-la autorización da Consellería de Cultura e Deporte:

- a) O contratista deberá presentar perante o Concello o preceptivo Plan de Seguridade e Saúde que, informado pola dirección da obra, será (no seu caso) aprobado polo órgano de contratación (art. 7 RD 1627/1997).
- b) A Dirección de obra procederá a cumprimenta-lo aviso previo á Autoridade Laboral segundo o anexo III do RD 1627/1997, para que o Concello remítalo á Autoridade Laboral xunto co Plan de Seguridade e Saúde aprobado, segundo o disposto nos artigos 18 e 19 do amentado Real Decreto.

A obra deberá estar rematada e certificada o día 10.11.08.

**Noveno.-** Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno Local, para coñecemento e efectos.

**Décimo.-** Para coñecemento e efectos, dar conta desta Resolución á Intervención de Fondos Municipais, a Dna. Ana María Pazos Bernárdez, ao *Estudio de Arquitectura e Urbanismo A.T.Mc*, a todos os licitadores que achegaron a súa proposición á Alcaldía-Presidencia e á Responsable do contrato; e, publicala no Perfil do Contratante.

**Décimo primeiro.-** Para os efectos do art. 41 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, sen prexuízo das atribucións legais da Dirección facultativa nomeada, designar Responsable do contrato á Concelleira Delegada de Urbanismo, Dna. Irene Aguiar Lale.

A Estrada 21 de outubro de 2008.  
O ALCALDE,

Asdo. José Antonio Dono López